

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE BOLSAS SANTANDER ESTUDOS AXUDA ECONÓMICA PARA ESTUDANTADO DE GRAO E MÁSTER DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CURSO 2025/26

Artigo 1. OBXECTO DAS BOLSAS

A Universidade da Coruña (UDC) e o Banco Santander, co ánimo de recoñecer ao estudantado cos mellores expedientes académicos e garantir a igualdade de oportunidades, convocan **250 bolsas** do Programa de Bolsas Santander Estudos Axuda Económica 2025/2026 (en diante, o Programa).

As bolsas irán dirixidas ao estudantado a tempo completo no curso académico 2025/26:

- 175 Bolsas para grao.
- 75 Bolsas para máster.

Artigo 2. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a estas bolsas serán dun total de 250.000 €, financiados polo Banco Santander. Irán con cargo á partida orzamentaria 03.0A.25.00.05 422D 480.00.
2. A contía bruta de cada bolsa será de 1000 €.
3. O pagamento efectuarase mediante transferencia á conta do Banco Santander da que o interesado deberá ser titular, segundo as indicacións que consten na resolución definitiva da convocatoria.

Artigo 3. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

- a) Estar matriculado no curso 2025/26 na Universidade da Coruña, a tempo completo, nun mínimo de 60 créditos, nalgunha das titulacións oficiais de grao ou máster impartidas en centros propios da UDC, en modalidade presencial, e ao corrente do pagamento dos prezos públicos. Este mínimo será de 30 créditos no caso de estudantado de segundo curso dun máster de 90 créditos.
- b) No caso das bolsas para Máster, as persoas solicitantes deberán estar en posesión do título de grao que lle dea acceso ao máster.
- c) O estudantado estranxeiro non comunitario deberá acreditar a condición de residente de conformidade co disposto na normativa sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

Artigo 4. CRITERIOS DE SELECCIÓN

As bolsas adxudicaranse de acordo coa media do expediente académico das persoas solicitantes.

No caso do estudantado que accedese por primeira vez aos estudos universitarios de grao, considerarase a súa nota de acceso á universidade.

Para o alumnado de primeiro de máster, matriculado por primeira vez no curso 2025/26, considerarase a nota media da titulación que lle deu acceso ao máster.

Para o resto do alumnado, terase en conta a nota media simple do expediente académico calculada segundo a Resolución do 15/09/2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG n.º 188, do 30/09/2011) ao remate do curso 2024/25.

Aplicaranse os seguintes coeficientes correctores: 1,17 cando a rama da titulación sexa enxeñaría e arquitectura, 1,11 cando a rama da titulación sexa ciencias e 1,05 se a rama é ciencias da saúde.

No caso de empate, aplicaranse os seguintes criterios: menor número de suspensos; se o empate persiste, maior número de matrículas de honra; e se o empate aínda persiste, maior número de sobresaíntes.

Artigo 5. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO

5.1 Solicitudes.

O procedemento é integramente telemático, e deberá empregarse un enderezo de correo institucional da UDC.

É obrigatorio facer a inscrición a través de dúas plataformas:

- **UDC:** na secretaría virtual da persoa solicitante.
- **Banco Santander:** na lizagón:

<https://app.santanderopenacademy.com/es/program/ayuda-economica-2025>.

5.2 Documentación

O estudantado estranxeiro non comunitario deberá acreditar a condición de residente (non é suficiente o permiso de estadía por estudos), de conformidade co disposto na normativa sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

Poderá requirirse a presentación da documentación orixinal.

5.3 Prazo.

O prazo de presentación das solicitudes estará aberto dende o día hábil seguinte ao da publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC, ata as 23:00 h do 15 de outubro de 2025 (ambos incluídos).

Artigo 6. INCOMPATIBILIDADES, OBRIGAS E INCUMPRIMENTO DAS PERSOAS BOLSEIRAS

6.1 Incompatibilidades:

a) Esta bolsa é incompatible con calquera outra axuda ou bolsa destinada ao mesmo fin de calquera administración ou entidade pública ou privada, incluída a bolsa de carácter xeral para estudantado de ensinanza posobrigatorias do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.

b) As dúas modalidades de bolsa obxecto de este programa son incompatibles entre si, e coa solicitude de Bolsa de Comedor do Plan Propio da UDC para o curso 2025/26.

c) Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas en que concorra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

d) Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas que xa percibiran a bolsa Santander Estudos Axuda Económica ou a bolsa Santander para cursar estudos de Máster Universitario Oficial.

e) Non poderá ter a condición de beneficiaria quen estea en posesión dun título de igual ou superior nivel ao da modalidade para a que se solicita bolsa.

f) Estas bolsas son incompatibles con percibir salarios que impliquen calquera vinculación contractual ou estatutaria da persoa bolseira, ou calquera tipo de ingresos percibido pola prestación de servizos

profesionais ou a realización de traballo remunerado, cando supoñan a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional no curso académico.

g) Estas bolsas son incompatibles coa participación nun Programa de Mobilidade no curso 2025/26.

h) As bolsas de Máster son incompatibles coa condición de beneficiario dunha Bolsa Excelencia Mocidade Exterior (BEME).

6.2 Obrigas e incumprimento

A persoa beneficiaria da bolsa debe manter a matrícula durante todo o curso académico 2025/26. En caso contrario, terá que devolver o importe da bolsa. A UDC será a encargada de adxudicarlle esta bolsa á seguinte persoa beneficiaria que cumpra cos requisitos necesarios para a súa obtención en idénticas condicións.

Artigo 7. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección estará composta polas seguintes persoas:

- Presidenta: M^a José Lombardía Cortiña, vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade
- Secretaria: M^a Dolores Fernández Vázquez, xefa da Sección de Bolsas da UDC
- Vogal 1: José Luis Añón Teijido, adxunto á Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade
- Vogal 2: M^a Belén Vidal Seoane, xefa do Negociado III do Servizo de Estudantes da UDC
- Vogal 3: Raquel Larrosa Mariño, representante dos estudantes

A Comisión está facultada para resolver calquera dúbida relacionada con esta convocatoria.

As dúbidas relacionadas con esta convocatoria poden ser consultadas a través do enderezo electrónico bolsas@udc.gal indicando no asunto “*Bolsas Santander Axuda Económica*”.

Artigo 8. RESOLUCIÓN E PUBLICACIÓN

Unha vez que remate o proceso de valoración das solicitudes, publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC (TEO) a resolución provisional coa relación de persoas con bolsa concedida, as solicitudes denegadas coa mención da causa da denegación, e a listaxe de agarda.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día hábil seguinte ao da publicación da resolución no TEO.

Unha vez que transcorra o prazo de alegacións e de que as valore a Comisión de Selección, publicarase no TEO a resolución definitiva das persoas beneficiarias das bolsas, a relación de solicitudes denegadas, coa mención da causa de denegación, e a listaxe de agarda.

As persoas beneficiarias da bolsa deberán aceptala segundo se indique na resolución definitiva. No caso de renunciar, adxudicaráselle á primeira persoa solicitante que figure na listaxe de agarda.

Artigo 9. RÉXIME XURÍDICO DESTA CONVOCATORIA

Aplicarase como lexislación supletoria a esta convocatoria, para todo o que non estea previsto nestas bases, a seguinte normativa:

- a) Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas.

Artigo 10. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico <secretariaxeral@udc.gal>.

A solicitude dunha bolsa ao abeiro desta convocatoria implica a aceptación do seu contido e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola UDC, de acordo coa LOPD e con fundamento nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RXPd, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC, <<https://sede.udc.gal>>, no apartado Outros trámites.
- b) Mediante unha solicitude por escrito ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico <rpd@udc.gal>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.

- c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico <dpd@udc.gal>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou dos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A política de privacidade do Banco Santander pódese consultar no seguinte enderezo web:

<http://www.becas-santander.com/es/legal/privacy>

DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que atinxe, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

No lugar e data que se indica na sinatura dixital.

A vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade por delegación do reitor
(RR 10/07/2024)

M^a José Lombardía Cortiña